

**C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA****Constitución Comisión de Valoración Concursos de Informática
(2019 G02 e 2019G03)**

No día de hoxe quedaron formalmente constituídas as Comisións de Valoración dos concursos da Área de Informática para o subgrupo C1 (2019G03) e para o A2 (2019G02), publicados no BOE do 22/10/2019. Tamén quedaron aprobados os criterios para a valoración da Base Quinta.6 do concurso (conciliación da vida persoal, familiar e laboral).

A Administración comentounos das seguintes cuestións:

- Concurso 2019G02 (A2):

Recibíronse 60 solicitudes, das que 35 corresponden a traballadores da AEAT e 25 de fóra da Axencia. Neste concurso convocáranse 44 prazas (en Galicia, só unha en Ferrol, como resulta)

-Concurso 2019G03 (C1):

Recibíronse 146 solicitudes, das que 103 corresponden a traballadores da AEAT e 43 de fóra. Convocábanse 84 prazas (en Galicia, unha en Lugo e posibles resultas en Coruña e Lugo).

En canto aos listados provisionais, **publicaranse mañá a última hora** na Intranet, aínda que se facilitará ás organizacións sindicais con antelación.

O segundo listado está previsto para mediados de xaneiro, con 10 días naturais para renuncias, coa idea de que quede resolto o 4 febreiro para a posterior publicación das adxudicacións no BOE.